

Arredor de Neira Vilas

A finais dos anos setenta descubrín cun libro pequeno, *Lar*, que Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928)

era un gran poeta en prosa, que emocionaba coa súa escrita de breves retringos. “Ven, Anisia. Imos percorrer, collidos pola man, os lugares da miña nenez...” aínda resoan na miña memoria, ao igual que a figueira ramosa, o loureiro romano ou as tres cerdeiras. Como este libro, ten outros dous de lembranzas, *Nai* e *Pan*.

Autor tamén de obras puramente poéticas, como *Inquedo latexar* ou *Poesía recadada*, é moito máis (re)coñecido pola súa prosa de ficción, nomeadamente por *Memorias dun neno labrego*, aínda que tamén por moitas outras que logo a sucederon.

Pero ademais, Neira Vilas é autor doutros textos de investigación ou testemuña, como a serie *Memoria da emigración, Crónicas Galegas de América...* Agora, con *Arredor do mundo*, co-

Para saber de onde vimos



XOSÉ FEIXÓ



mo xustifica na Soleira, pode achegarnos moita, valiosa e sentida información: “Vivín corenta e tres anos emigrado en América (Arxentina e Cu-

ba), onde, ademais de gañar o pan de cada día dediqueime a evocar activamente a patria que deixara nesta banda do mar e a investigar a presenza galega no chamado Novo Mundo. E algo podo opinar sobre este ir e vir”. E así, ao longo dun cento de breves artigos, pasan ante os nosos ollos, de xeito moi emotivo, lugares e persoas sobre os que nos convén escoitalo.

Poño un exemplo. En “A infancia galega de Luís Seoane” podemos comprender os sentimentos deste sa-

lientable personaxe: “Poucos meses antes de morrer, Seoane escribiu “Cierro los ojos y veo [...] Cierro los ojos y veo Arca. A ver Arca con los ojos cerrados me conduce la nostalgia. [...] Puedo evocar todo aquello que viví o vi, y lo que conozco a través de otros”. [...] No artigo “Confesión” declara, en 1965: “Ni español ni argentino; soy originario de un país más reducido: de la aldea de Arca, donde se enterraron mi infancia y mi juventud”.

Recomendo encarecidamente, aos vellos galegos e aos mozos, a lectura deste libro. Mesmo recomendaría como obrigatoria a lectura de calquera libro deste clásico vivo, elo entre unha xeración acabada e os novos tempos dos que non coñecemos o fin; fin que, seguro, coa lectura por parte dos mozos dos textos de Neira Vilas, pode ser mellor para a lingua e para o país. Se a historia vale de algo práctico, o que nos achega este autor debemos retelo na memoria. Saber de onde vimos non vén nada mal.

NEIRA VILAS, Xosé, *Arredor do mundo*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 231 páxinas.